ARTE

Vista da exposición de pintura solidaria na sala de Caixa Galicia en Santiago de Compostela N. Santás

Pintura solidaria de 33 autores galegos

Os humanos tendemos á sociabilidade. Se non fose así, como xa apuntaba Aristóteles, acabariamos convertidos en bestas salvaxes. En ocasións, o desprendemento de bens materiais pode supoñer certo egoísmo encamiñado a obter unha futura recompensa ou a gañar o respecto da comunidade; en calquera caso, o que o practica séntese reconfortado.

A sala de exposicións de Caixa Galicia, en Santiago de Compostela, mostra un conxunto de 33 obras destinadas a fins humanitarios de axuda a enfermos de VIH-seropositivos. É un intento de manter viva a esperanza de recuperación que, como di o aserto popular, é o último que se perde.

Só se presenta unha escultura. O seu autor é José Molares e é moi significativa desta *Fase de Encontro.* Trátase dun neno en actitude de pedir, sentado no chan (imaxe por certo de triste actualidade nas nosas rúas) animando o transeúnte a axudar coa súa xenerosa contribución os indixentes. Un motivo artístico tradicional nas distintas manifestacións plásticas desde que o puxera de moda o barroco (San Paulo xa mencionaba a caridade como algo benigno para o ser humano). Esta criatura, portadora dun bote baleiro sostido entre as súas tenras mans, nun xesto de humildade, clama compaixón, contribución do próximo. É como un clamor de axuda a tantos necesitados e desesperanzados da vida, que aparecen aquí simbolizados nesta figura de púber.

O resto da exposición é toda ela de pintura. Aglutina a achega á plástica galega de distintas xeracións de artistas nados na nosa terra que, percorrendo camiños dispares, están agora, aquí, unidos nunha asociación comunitaria sen fins lucrativos, achegando a súa axuda para unha causa nobre, unha especie de nova praga bíblica contra a que todos debemos loitar.

Leopoldo Nóvoa, mestre da abstracción, aparece representado cunha obra certamente pequena, pero que non deixa de ser sintomática dun estilo caracterizado pola levidade. A ferida deixada por determinados elementos sígnicos, residuais, en espacios monocronos, irradiantes de luz e silenciosos, pero nada estériles, constitúen un dos atractivos principais desta mostra.

Silverio Rivas tennos acostumados a grandes esculturas en granito. Aquí, neste medio diferente que é o labor pictórico, como alí, intenta conciliar bloques xeométricos nunha relación entre querida e rexeitada, típica das contradiccións do xénero humano.

Non é estraña a colaboración médica nunha enfermidade que sen a axuda destes profesionais tería tinturas aínda máis dramáticas. Así o entendeu o anestesista e pintor Julio Maside, que contribúe a esta causa común cun bodegón. Privounos das súas habituais figuras humanas, de nítidos perfís para presentar un *collage* de resabios cubistas.

Daquel escindido grupo Nome tamén formaba parte Xoán Pardiñas, o cal ofrece a obra *Encontro.* Como ben suxire o título, leva o selo do social, do roce dun individuo con outro como motor dun avance colectivo nun contorno sempre enigmático. Nesta obra afástase dos seus inicios expresionistas e cae case na abstracción.

De relacións tamén fala *Parella en azul,* de Romero Masiá, unha figuración entre fantástica e humana nun ambiente esquivo e máxico.

O mozo artista Pedro Millán sedúcenos cunha escena solitaria situada nunha paisaxe castelá: *Coche nas aforas.* Denota cansazo, rutina e atafego trala exposición ó sol dun obreiro durante moitas horas de dura xornada laboral, sumado á asfixia do despezamento de vehículos e restos de lixo. Outros como válvula de escape e liberación de tensións da vida ordinaria utilizan o disfrace, a máscara. Así o entenden Berta Ares e Manuel Ayaso recordando co seu labor aquel artigo de Larra *El mundo todo es máscaras.*

Fátima Otero

CINE

Corrupción en Queens

Leo viaxa sentado, en silencio, no metro. Mira desconfiado. Un policía, a poucos metros, de fronte, repara nel. Leo baixa a mirada. Vén de pasar un ano no cárcere por roubar coches, fala pouco, non delatou ós amigos. Súa nai, enferma, defraudada pola súa conducta, agárdao. Leo quere cambiar de vida, dar unha satisfacción a súa nai.

Así comeza 'La otra cara del crimen', película de título pouco favorecedor, pero que insiste nas posibilidades como director de James Gray. Arredor de Leo, da súa familia e do amigo Willie vaise destapando unha historia de corrupción nos negocios e na política de indisimulada crítica social. Cando o home de negocios (James Caan) agora casado coa súa tía o recibe no despacho da súa fábrica para tratar de reintegralo proporcionándolle un traballo, espétalle sen vergonza esta ensinanza: ¿ti estiveches no cárcere, non si?, pois os negocios son moi semellantes á vida do cárcere. A partires deste momento (xa antes Mark Wahlberg dera mostras de que o seu mirar silencioso e a súa aparente inexpresividade estaban medidas) mostra no brillo dos ollos o desconcerto e a sospeita de que vivir no legal non será doado. O amigo Willie (Joaquin Phoenix, menos crible a medida que avanza o filme), ambicioso e arriscado, tirará del ata ilo afundindo polo lixo das contratas amañadas, dos financiamentos ilegais dos partidos, dos concelleiros corruptos, da podremia de subornos, ameazas, medos e favores que se deben políticos, policías e homes de empresa.

Gray vai desentrañando a maraña non por coñecida arrepiante con tino e tempero, nun ambiente escuro, sen moitas palabras, os feitos van explicando. A violencia, a trampa e a tensión vanse apoderando do filme (non exento de sensualidade e engado no rostro da prima Erica, moza de Willie, da que en silencio Leo garda o namoro, convincentemente interpretada por Charlize Theron), ata que os entubados do lixo estalan, comeza a feder e cada quen trata de salva-lo seu pelello. A partires de aquí, cando se achega o momento da resolución, o filme perde algo de tensión e credibilidade, ó adoptar Leo a decisión de salvarse confesando como arrepentido dun xeito un tanto inxenuo. Pero en xeral a obra sae do vulgar, ofrece momentos de suspense ben logrados, mantén o tempo e o clima con elegancia e ofrece unha nómina de actores de alta garantía. Unha crítica social e política enmarcada en Queens á que sen dúbida todos seriamos capaces de lle buscar protagonistas moito máis preto, unha historia de alento fatalista tecida en silencios e miradas.

Miguel Suárez Abel

A Caixa galega do século XXI

caixanova

SANTIAGO DE COMPOSTELA
CIDADE EUROPEA DA CULTURA DO ANO 2000